

2011-2013, bienio negro no Concello de Xinzo

Nos dous anos e medio nos que o actual alcalde, Antonio Pérez, leva á fronte do Concello a xestión do ente municipal foise deteriorando progresivamente.

Xinzo da Limia, 13 de xuño de 2013. En materia económica a chegada do Sr. Pérez á alcaldía meses antes das eleccións municipais de 2011 propiciou un **aumento descontrolado e arbitrario nos gastos, cuantificado en 2,2 millóns de euros en apenas dous anos (2011-2012)**, que foi necesario regularizar mediante dous Expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito e cuxo financiamento foi a conta do famoso RDL 4/2012 que levou aparelladas as **tradicionais subas de taxas e impostos do PP** e, como novidade engadida, as medidas de recorte de salarios e dereitos dos traballadores e traballadoras. Deste xeito **a débeda a finais de 2012 situouse en 7,35 millóns de euros, en 2010 era de 4,14 millóns** e xa daquelas se cualificaba de “insostíbel”.

Na xestión do persoal acadouse claramente o récord de despropósitos, **as arbitrariedades nas contratacións do ano pasado fixeron que, a día de hoxe, o Sr. Pérez teña pendente de trámite a denuncia presentada na Fiscalía de Ourense e un proceso en curso aberto a instancia da Avogacía do Estado**, proceso que está a ser torpedeado e obstaculizado dende o Concello ao negarse reiteradamente a achegar a documentación solicitada polo instrutor, como recoñeceu a propia Subdelegación do Goberno. Así mesmo **o Contencioso-Administrativo aínda debe pronunciarse sobre as irregularidades na selección da letrada do Concello**, que foi recorrida polo sindicato maioritario dos traballadores. Neste eido **asistimos a un claro intento por parte do Sr. Pérez por construír e consolidar o seu propio aparato caciquil** mediante a contratación sistemática de familiares, parentes, afiliados, interventores e candidatos do PP.

Mentres tanto, **o Concello naufraga cunha falla absoluta de rumbo, criterio e obxectivos á hora de encamiñar a política de impulso da economía** e creación de emprego. Dos titubeos iniciais coa incineradora pasamos ao aberto apoio á planta de refugallos e á negativa rotunda, condicionada polos veciños, á mina de feldespatos. A día de hoxe **o proxecto estrela é a CICAT, impulsada, ironicamente, polo gran defenestrado e damnificado da carreira pola alcaldía do Sr. Pérez, o anterior alcalde e líder histórico do PP limiao, Isaac Vila.**

En canto á xestión política e de comunicación **o apagón informativo é case absoluto, as decisións importantes tómanse a porta pechada de costas aos veciños e veciñas**, non se conta coa oposición nin nos mínimos establecidos legalmente: no que vai de ano só se celebrou un plenario en febreiro, o pleno ordinario de abril está sen convocar, levamos sete meses sen recibir as Actas das Xuntas de Goberno (semanais) e os orzamentos de 2013 están sen aprobar.

Agora que estamos no ecuador do mandato aínda hai tempo para un troco radical, por iso **dende o BNG esiximos un cambio de rumbo** na xestión e que o Sr. Pérez comece a actuar pensando nos intereses xerais dos veciños e veciñas de Xinzo.

Oficina de Imprensa. BNG Xinzo da Limia. imprensa@bng-xinzo.org
Contacto: Ramiro Rodríguez Suárez (667 727 911)

Xinzo da Limia | 13-6-2013



Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia
Rúa Río Arnoia, 14 - Local 18 (Multicentro, 1ºP) - 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) * Tlf/Fax: 988 461 360

info@bng-xinzo.org | www.bng-xinzo.org | @bngxinzo

NOTA DE IMPRENSA. PRÉGASE A SÚA DIFUSIÓN.